

SERVIZO DE MUSEOS

CONCELLERÍA DE  
CULTURA

CONCELLO  
DE VIGO



**EXPTE. 4332/341**

**ASUNTO.- BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE PROXECTOS EXPOSITIVOS 2027 NA REDE DE MUSEOS DO CONCELLO DE VIGO. CASA DAS ARTES E CASA GALEGA DA CULTURA**

## 1. XUSTIFICACIÓN

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Así mesmo, a Lei 7/2021, de 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia sinala a relevancia das institucións museísticas como ferramenta de promoción e desenvolvemento cultural da sociedade. Os municipios teñen a competencia da promoción da cultura e dos equipamentos culturais, de conformidade co previsto nos artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A Concellería de Cultura do Concello de Vigo ten encomendada a competencia de establecer as directrices xerais, desenvolvemento e execución de políticas públicas municipais en materia de Museos, mediante a programación anual de diferentes actividades. Neste sentido, a citada concellería organiza e desenvolve o programa de mostras que se leva a cabo nos diferentes espazos expositivos municipais. Na actualidade, a Concellería de Cultura está a traballar na reorganización dos centros museísticos da cidade, avanzando na segmentación da oferta e na especialización dos espazos. Nesta liña priorizaranse nas salas que son obxecto desta convocatoria as exposicións temporais relacionadas coas linguaxes creativas contemporáneas e as que exploran os grandes temas da sociedade contemporánea, valorando especialmente as propostas artísticas locais e galegas en xeral.

Atendendo a estes criterios, a Concellería de Cultura está a organizar a programación correspondente ao ano 2027. Para seleccionar as exposicións temporais que conformarán este programa, garantindo unha oferta atractiva e de interese para a cidadanía en xeral, ofrécese a posibilidade de que as e os artistas, comisarias e comisarios, xestoras e xestores culturais e outros axentes activos da programación expositiva poidan propor as súas exposicións temporais para ser valoradas artisticamente.

Así pois, a través desta convocatoria, o Concello de Vigo amosa o seu compromiso coa cultura contemporánea e reforza as conexións entre o sector creativo e cultural e a sociedade.

## 2. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases aprobar e regular a convocatoria pola que se rexerán as solicitudes de participación na selección de proxectos expositivos da Rede de Museos do Concello de Vigo para o ano 2027. A través desta convocatoria seleccionaranse os mellores proxectos artísticos e expositivos para que poidan ser instalados na Casa Galega da Cultura e na Casa das Artes.

A participación efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

## 3. ORIENTACIÓN DAS PROPOSTAS EXPOSITIVAS

Coa finalidade de avanzar na segmentación da oferta museística e na especialización dos diferentes espazos expositivos que forman parte da Rede de Museos do Concello de Vigo, a Casa Galega da Cultura e a Casa das Artes programarán mostras que exploren as linguaxes creativas contemporáneas e os grandes temas da sociedade contemporánea, valorando especialmente as propostas artísticas



SERVIZO DE MUSEOS

CONCELLERÍA DE  
CULTURA

CONCELLO  
DE VIGO



locais e galegas en xeral. Esta orientación permitirá, de xeito coordinado co Museo de Arte Contemporáneo (MARCO) e coa Fundación Laxeiro, reforzar as sinerxías e establecer un amplo espazo de creación, innovación e discusión contemporánea na cidade.

Deste xeito, a convocatoria ten por finalidade potenciar as iniciativas artísticas que reúnan as seguintes características:

**3.1. Casa Galega da Cultura.** Espazo de apoio ao talento creativo das e dos artistas emerxentes nados ou residentes en Galicia, de ata 35 anos de idade, en calquera disciplina da creación artística (pintura, escultura, fotografía, instalación, audiovisual, moda, deseño...) ou calquera outra transdisciplinar propia das Artes Plásticas e Visuais.

**3.2. Casa das Artes.** Espazo para a programación de exposicións temporais por parte de artistas, comisarias e comisarios, xestoras e xestores culturais, entidades e outros axentes activos do circuíto profesional. Na Casa das Artes priorizaranse as exposicións temporais relacionadas coas linguaxes creativas contemporáneas e as que exploran os grandes temas da sociedade contemporánea, valorando especialmente as propostas artísticas locais e galegas en xeral.

Os proxectos presentados tanto para a Casa Galega da Cultura como para a Casa das Artes deberán ser inéditos na cidade de Vigo.

Todas as exposicións cumprirán nos seus discursos cos valores de respecto e igualdade. Non obstante, o Concello de Vigo non se fai responsable do posicionamento persoal ou discurso das obras ou artistas e respectará a liberdade creativa.

#### 4. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán participar nesta convocatoria artistas, comisarias e comisarios, xestoras e xestores culturais, entidades e outros axentes activos que realicen proxectos expositivos, exposicións ou instalacións sobre calquera disciplina de creación artística para seren exhibidos e gozados polo público nestes centros museísticos do Concello de Vigo.

No caso de que artistas individuais queiran participar cun proxecto conxunto, poderán facelo baixo a denominación dun nome colectivo, identificando a cada un dos seus compoñentes e nomeando un representante interlocutor.

De maneira específica, as e os artistas solicitantes que concorran ao espazo expositivo da Casa Galega da Cultura deberán acreditar ter unha idade máxima de 35 anos e ter nacido ou residir en Galicia.

#### 5. CARACTERÍSTICAS DOS ESPAZOS EXPOSITIVOS

De maneira sucinta as características básicas das salas son as seguintes:

**5.1. Casa Galega da Cultura.** Praza da Princesa, 2. Edificio de 1859, de autoría de José María Ortiz Sánchez, que acolleu o antigo Concello. O edificio, con fachadas ás prazas da Constitución e Princesa, ocupa o solar dunha casa consistorial máis antiga que ardeu en 1851. O edificio presenta a peculiaridade de ser un dos poucos da cidade cun estilo en tránsito cara ao eclecticismo no que se combinan elementos deste estilo con outros máis clasicistas. A fachada da praza da Constitución, feita toda ela de cantaría, é a que presenta unha maior profusión decorativa.

A planta baixa acolle unha sala de exposicións que ocupa unha superficie aproximada de 96,60 m<sup>2</sup>. En total conta cun perímetro útil duns 30 metros lineais, cunha altura de 3 metros para colgar obra. Ademais, aproximadamente no centro da sala, dispónse un muro que ofrece outros 3,60 metros lineais (1,80 metros por cada lado). O revestido das paredes da sala é de taboleiro de 19 mm.



SERVIZO DE MUSEOS

CONCELLERÍA DE  
CULTURA

CONCELLO  
DE VIGO



**5.2. Casa das Artes.** Policarpo Sanz, 15. Edificio de 1938, orixinariamente destinado á nova sucursal do Banco de España, con estrutura de muros portantes de cantería de granito en fachadas e forxados e piares en formigón armado, que presenta unha distribución articulada arredor dun gran patio, que orixinariamente se alumeaba cenitalmente. No edificio, que acolle diferentes espazos museísticos municipais (Arquivo Fotográfico Pacheco, Colección Luis Torras, Fundación e Colección Laxeiro), adícase a planta baixa a exposicións temporais.

A planta baixa dispón dunha superficie útil total en torno aos 500 m<sup>2</sup> distribuídos en varios espazos expositivos. O perímetro útil total é duns 160 metros lineais, cunha altura entre 4 e 4,40 metros. O revestido das paredes é de taboleiro de 19 mm.

Para favorecer os traballos de organización e distribución das obras, as persoas interesadas poden acceder aos planos (Anexo I) e ao Facility Report de cada unha das salas para coñecer as características, instalacións e dimensións de cada una delas (Anexo II).

## 6. CONTIDO DO PROXECTO EXPOSITIVO

Os proxectos expositivos axustaranse ás características de cada unha das salas onde se exhibirán os proxectos seleccionados. **Na solicitude indicárase o espazo expositivo ao que se concorre.** O proxecto presentarase nun **único documento en formato PDF cun tamaño máximo de 10 Mb en tamaño A4** e incluírá a seguinte información:

- Título da exposición.
- Artista ou artistas que conforman o proxecto no caso de proxectos colectivos.
- Memoria do proxecto, incluíndo concepto expositivo e descrición da proposta expositiva axustada ao plano da sala de exposicións de referencia.
- Relación detallada de obra coas súas características técnicas (título, dimensións, técnica e autoría), indicando, no seu caso, se están suxeitas a dereitos de autor como membro da VEGAP. Acompañarase dossier fotográfico cun número de fotografías suficientes para poder avaliar axeitadamente a obra a expor.
- Relación detallada das necesidades técnicas de montaxe (peañas, vitrinas, pantallas...) e transporte.
- Orzamento estimado desagregado (honorarios artista, comisariado, produción, transporte, seguro cravo a cravo, audiovisuais, montaxe e desmonte...).
- Data/s dispoñible/s para a programación da exposición temporal.
- Currículo artístico e profesional resumido da persoa ou persoa participantes no proxecto, no que se recolla a formación académica e complementaria e a traxectoria profesional.
- Dossier artístico con traballos anteriormente desenvolvidos que permitan coñecer a traxectoria artística e profesional.

A documentación deberá presentarse ordenada, foliada e acompañada do correspondente índice, que seguirá a orde establecida neste epígrafe. **A extensión máxima do proxecto será de trinta páxinas.**

Os proxectos deberán poder executarse entre xaneiro e decembro de 2027. O calendario final das exposicións será organizado e concretado polo Servizo de Museos en colaboración coas persoas cuxos proxectos resulten seleccionados a partir desta convocatoria. De non cumprir con algún dos requisitos ou non poder ser executado dentro do prazo determinado pola convocatoria, o proxecto quedará automaticamente excluído.



SERVIZO DE MUSEOS

CONCELLERÍA DE  
CULTURA

CONCELLO  
DE VIGO



## 7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas en participar inscribíranse exclusivamente a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>).

Na solicitude de participación **as persoas solicitantes deberán indicar no asunto Convocatoria de proxectos expositivos 2027 na Rede de Museos do Concello de Vigo e seleccionar a sala na que desexa exhibir a mostra** (Casa Galega da Cultura ou Casa das Artes) en virtude da natureza do proxecto presentado.

As persoas interesadas deberán presentar xunto coa solicitude de participación o Proxecto Expositivo de acordo cos contidos e condicións sinaladas no punto 6 destas bases. Así mesmo, os e as artistas que concorran á Casa Galega da Cultura deberán acompañar a documentación acreditativa de que cumpren os requisitos de idade e residencia establecidos nestas bases.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos achegados. Excepcionalmente, o Concello de Vigo poderá requirirles que presenten o documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica anexada.

**Só se aceptará un proxecto expositivo** por artista, comisaria e comisario, xestoras e xestores culturais, entidades e outros axentes activos.

## 8. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes para participar nesta convocatoria será de 60 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil do contratante. Non se aceptarán propostas recibidas fóra deste prazo.

## 9. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos de identidade e aqueles referidos ás súas obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda Autonómica, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, que se inclúen en diferentes documentos elaborados polas administracións públicas.

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario e achegar os documentos correspondentes. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

## 10. REVISIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes comprobarase que o proxecto expositivo inclúe os contidos e condicións esixidos no punto 6 destas bases e, adicionalmente, que as persoas que concorren á Casa Galega da Cultura cumpren os requisitos de idade e residencia. De non ser así, requirirase ao solicitante para que no prazo de 10 días acompañe os documentos preceptivos, con apercibimento de que se non o fixese terase por desistida a súa petición de acordo co artigo 68.1 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## 11. COMISIÓN DE VALORACIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN DE PROXECTOS

A selección de proxectos realizarase por unha comisión de valoración formada por:

- Presidencia: Concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade ou persoa na que delegue.



SERVIZO DE MUSEOS

CONCELLERÍA DE  
CULTURA

CONCELLO  
DE VIGO



- Vogalías técnicas:
  - dúas persoas do Servizo de Museos.
  - dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito da museoloxía.
  - dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito da creatividade, a arte e a cultura contemporánea.
- Secretaría: unha persoa do Servizo de Museos designada polo Concelleiro-delegado de Cultura, con voz, pero sin voto.

Unha vez rematado o prazo de presentación de propostas expositivas, estas serán analizadas por unha comisión de valoración de acordo cos seguintes criterios:

- calidade artística da proposta presentada e adaptación ás liñas xerais de programación indicadas na convocatoria.
- temática, valor cultural e orixinalidade do proxecto presentado.
- conexión territorial co ámbito cultural inmediato, valorándose especialmente as propostas artísticas locais e galegas en xeral, sempre primando a calidade artística.
- a relación coas linguaxes creativas contemporáneas e a innovación expositiva.
- a traxectoria profesional das persoas candidatas (premios e recoñecementos, exposicións individuais e colectivas, experiencia nacional e internacional).
- o orzamento presentado.
- a adecuación do proxecto ao espazo expositivo e á dispoñibilidade de espazo e datas.

Na selección dos proxectos expositivos terase en conta a presenza de artistas femininas coa finalidade de reclamar a súa presenza no universo artístico e creativo e avanzar cara á paridade.

A comisión de valoración de proxectos poderá solicitar información complementaria dos mesmos así como, no seu caso, valorar presencialmente as obras a expor coa finalidade de avaliar mellor as propostas presentadas.

A comisión, unha vez realizada a valoración dos proxectos, elevará a proposta de selección, na que se detallará a sala de exposicións e o calendario de montaxe, exhibición e desmonte que estime máis axeitado de acordo coas características de cada proxecto. Unha vez seleccionado, o proxecto non poderá ser alterado e/ou modificado sen motivación.

A comisión poderá propor deixar a convocatoria deserta, parcial ou totalmente, xustificando a referida proposta.

## 12. RESOLUCIÓN DA PROGRAMACIÓN

O Concello de Vigo publicará no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, a proposta de programación e a correspondente resolución aprobatoria do concelleiro-delegado de Cultura e da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, no prazo máximo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de presentación de propostas.

## 13. XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN E DOS PROXECTOS EXPOSITIVOS

O Concello de Vigo realizará, a través do Servizo de Museos, todas as xestións administrativas e tódolos traballos técnicos necesarios para a correcta execución dos proxectos seleccionados, de conformidade cos procedementos legalmente establecidos.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 18/03/2026 09:09           | Páxina 5 de 7 |
| 4332-341                                                                                                                                                                                         | CSV: AEB4A9-48CAA5-CHB3ED-U6WH47-AUDYNT-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |



SERVIZO DE MUSEOS

CONCELLERÍA DE  
CULTURA

CONCELLO  
DE VIGO



Así mesmo, o Servizo de Museos xestionará as prestacións de deseño e produción do material gráfico e de difusión de acordo cos criterios e modelos establecidos: invitación dixital, folleto, catálogo, pancarta, vinilos e cartelas así como o acondicionamento da sala de ser preciso. Os proxectos seleccionados para ser expostos serán obxecto da publicación dun catálogo, cuxa supervisión e impresión correrá a cargo do Servizo de Museos do Concello de Vigo en base a unhas condicións técnicas pactadas previamente.

Os equipos audiovisuais e as necesidades técnicas da montaxe atenderanse cos medios e equipamentos das salas municipais e considerando o criterio de viabilidade do proxecto. De seren necesarios elementos expositivos e intervencións adicionais, estes correrán a cargo da ou do artista. Os proxectos seleccionados e a súa materialización serán xestionados e supervisados polos técnicos do Servizo de Museos en colaboración cos responsables de cada proxecto.

O orzamento máximo estimado para cada unha das exposicións que se programen na Casa da Cultura Galega é de 5.000 € e na Casa das Artes de 30.000 €.

#### 14. OBRIGAS DOS SELECCIONADOS

A persoa ou entidade titular do proxecto seleccionado comprométese a:

1. Ratificar por escrito a súa aceptación nun prazo máximo de cinco días hábiles desde a publicación da resolución. En caso contrario, perderá a condición de seleccionado. Unha vez realizada, o Servizo de Museos acordará co responsable do proxecto as condicións específicas de realización do mesmo.
2. Desenvolver o proxecto no prazo e condicións establecidas, agás razóns de causa maior.
3. Ostentar os dereitos de propiedade intelectual do proxecto presentado.
4. Cumprir coas normas que a organización municipal ten establecidas para o uso dos seus espazos e infraestruturas.
5. Non presentar en Vigo, nin parcial nin totalmente, a exposición obxecto do proxecto seleccionado ata a súa exhibición na sala municipal acordada co Concello de Vigo.
6. Durante o período de exposición, e con fins promocionais e de difusión, facilitar toda a información e documentación necesarias para a correcta difusión do proxecto. Así mesmo, autorizar a difusión das imaxes con fins promocionais da cidade e da propia exposición, aínda despois do seu remate.
7. Incluír nos materiais de difusión os logotipos do Concello de Vigo e a súa gráfica corporativa, seguindo as indicacións do manual de identidade corporativa.

#### 15. PROXECTOS NON SELECCIONADOS

O Concello de Vigo comprométese a non facer uso da información contida nos proxectos non seleccionados.

#### 16. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento polo Concello de Vigo, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía



**SERVIZO DE MUSEOS**

**CONCELLERÍA DE  
CULTURA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Á vista do exposto, procedería publicar no Perfil do contratante as BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE PROXECTOS EXPOSITIVOS 2027 NA REDE DE MUSEOS DO CONCELLO DE VIGO. CASA DAS ARTES E CASA GALEGA DA CULTURA, indicando os prazos para a presentación de propostas, os criterios para a selección das mesmas e o procedemento que se seguirá para a súa selección.

Vigo, data da sinatura dixital  
O xefe do servizo de Museos Municipais  
José Manuel Rey García

Conformes.-  
O concelleiro-delegado de Cultura (res. do 25.09.2025 BOP núm. 186 do 30.09.2025)  
Gorka Gómez Díaz

A concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade (res. do 25.09.2025 BOP núm. 186 do 30.09.2025)  
María del Carmen Silva Rego



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 18/03/2026 09:09           | Páxina 7 de 7 |
| 4332-341                                                                                                                                                                                         | CSV: AEB4A9-48CAA5-CHB3ED-U6WH47-AUDYNT-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

**SERVIZO MUSEOS**


**CONCELLERÍA  
DE  
CULTURA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



## **ANEXO I**





PROXECTO DE EXECUCIÓN PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA CASA DAS ARTES

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO / CONCELLO DE VIGO



A2


PLANO: PLANTA BAIXA  
ESTADO ACTUAL  
SITUACION: POLICARPO SANZ, VIGO

DATA: MARZO 2024  
ESCALA: 1/150

OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

arquitectos municipais: Juan Luis Piñeiro Ferradás    david carvajal rodríguez-cadarso

PLANTA BAIXA



CASA DA CULTURA GALEGA CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO



P1

PLANO: PLANTA BAIXA ACTUALIZADA DATA: MARZO 2024  
SITUACION: JOAQUIN YAÑEZ,6 VIGO ESCALA: 1/100

OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

arquitectos municipais: juan luis piñeiro ferradás david carvajal rodríguez-cadarso



**SERVIZO MUSEOS**

**CONCELLERÍA  
DE  
CULTURA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



## **ANEXO II**



## **FACILITY REPORT**

### **CASA DAS ARTES, VIGO**

r/ Policarpo Sanz, 15

36202 Vigo. Tfno: 986-810 239

[casadasartes@vigo.org](mailto:casadasartes@vigo.org)



### **Centro xestor.-**

Concello de Vigo. Servizo de Museos Municipais. Área de Cultura. Praza do Rei núm. 1.  
36202 Vigo. 986-810104

### **Horarios.-**

Luns, mércores e venres: de 18:00 a 21:00 h.

Martes e xoves: de 11:00 a 14:00 h e de 18:00 a 21:00 h.

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h.

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h.

### **Descrición.-**

Data do proxecto: 1938. Autor: Romualdo Madariaga Céspedes, arq. Promotor: Banco de España. Situación: r/ Policarpo Sanz, núm. 15, c/v Reconquista.

Descrición de Jose Varela Alén, arquitecto, no libro *Arquitectura racionalista en Vigo* editado polo Concello de Vigo en 2004:

O Edificio destinado á nova sucursal do Banco de España, hoxe “Casa das Artes” do Concello de Vigo sufriu diferentes modificacións dende a primeira proposta do proxecto ata a súa execución final.

O solar, na esquina das rúas Policarpo Sanz e Reconquista atópase fronte ao edificio García Barbón, proxectado por Antonio Palacios. A idea de realizar un chafrán na intersección dos dous planos da fachada ás dúas rúas manterase inalterable ata o final.

O proxecto e a súa execución coincidiron co período agónico da II República e o arranque do novo réxime ditatorial e a súa posguerra, o que fará que se modifiquen os aspectos ornamentais, sendo o resultado de grande austeridade. Soamente elementos alusivos ao réxime e algún remate son incluídos.

As fachadas laterais están compostas, enlazando verticalmente os ocos individuais das plantas superiores, que quedan enmarcadas.

O acceso prodúcese polo chafrán cunha escalinata que o eleva da cota da rúa.

A distribución prodúcese arredor dun grande patio, alumeado cenitalmente, nun esquema que se repite neste tipo de edificios.

Estrutura de muros portantes de cantería en fachadas, empregando formigón armado en forxados e piares, que fan flexible a distribución.

En 2008 o Concello de Vigo procedeu á retirada do escudo e inscricións da parte superior do chafrán, en aplicación da Lei da memoria histórica.

### **Historia.-**

O Concello de Vigo adquiriu o edificio do antigo Ministerio de Economía e Facenda por un prezo simbólico, unha vez que o Goberno decidiu pechar a sede do Banco de España na cidade, uso para o que fora construído na década dos trinta. O proxecto foi asinado por Romualdo de Madariaga en setembro de 1938, pero o deseño e a pretensión da súa edificación partía xa antes do golpe de estado do 18 de xullo de 1936. O sinal máis característico do edificio é o chafrán central, que rompe a esquina das rúas Reconquista e Policarpo Sanz. A planta baixa alíñase coa rúa Policarpo Sanz, dándolle unha pequena elevación sobre a rasante, que se resolve cunha curta escalinata.

Unha vez convertida en patrimonio cultural, foi acometida unha obra de reforma co obxectivo de transformar os espazos propios dunha entidade bancaria (despachos, salas de administración, patio de operacións, vivendas de altos funcionarios, cámara acoirazada...) en instalacións adecuadas para o novo uso artístico. No ano 1990 inaugurase a Casa das Artes. Nos seus máis de dez anos de existencia exhibiu exposicións de produción propia, en colaboración con entidades e institucións culturais (Xunta de Galicia, Eixo Atlántico, Fundación Caixa Galicia, COAG, Caixanova, Fundación Barrié de la Maza, Fundación La Caixa, Editorial Galaxia...). No que se refire ao tipo de exposicións, o espectro é moi amplo, pois comprende dende o arte galego contemporáneo, con exposicións dedicadas a Abreu Bastos, Castelao, Colmeiro, Darío Basso, Frau, Laxeiro, Luis Torras, Lodeiro, Din Matamoro, Antón Pulido, Antón Patiño, Menchu Lamas, Xosé Guillermo, Xurxo Lobato, Pedro Solveira, entre outros; mostras das vangardas artísticas máis internacionais do século XX, como *Postpictórico Pop: Noland-Warhol*; coleccións fotográficas, como *As Fontes da Memoria*, *Alfonso*, *A terra vista dende co ceo*, *Tony Catani*, *Miserach*, *Boubat*, as *Fotobienais*; exposicións de difusión cultural xeral como *Indios y esquimales*, *Objetos imposibles*, xoguetes históricos, meteoritos, etc.; de contido arqueolóxico, etnográfico e histórico, como *El arte rupestre y los contemporáneos*, a conmemorativa dos 50 anos da Editorial Galaxia, *Palabras para un país*; etc.

Sinalar as exposicións derivadas do Arquivo Fotográfico Pacheco (*Memoria de un tiempo y un país*; *Marcas de luz*; *Mulleres*; *Anos escuros*; *Archivo Fotográfico Pacheco*. *Archivo Vivo*; etc.) e outras exposicións de ampla repercusión na difusión cultural e no número de visitas “*Los dalís de Dalí*”, “*Tamara de Lempicka*”, “*Fernado Botero: Abu-Ghraib, el circo*” ou “*Maruja Mallo*” (promovidas pola Fundación Caixagalicia); “*Las Misiones Pedagógicas (1931-1936)*” ou “*Ciudades en guerra. Vigo en la guerra de la Independencia*”, promovidas pola SECC.

Tamén cabe destacar as exposicións de obra de fondo do Museo Municipal “Quiñones de León”: “*Quiñones de León. Unha nova pinacoteca para Galicia*”, “*Obras da colección de arte galega, século XX*”, “*Castrelos inédito*”, “*Castrelos oculto*”.

### ***Planta baixa: Arquivo fotográfico Pacheco.-***

O Arquivo Fotográfico Pacheco representa a máis completa colección de recursos fotográficos sobre a cidade de Vigo de titularidade pública. Consta de placas de cristal, negativos, positivos e outros materiais de diverso formato, con máis de 140.000 imaxes que comprenden dende finais do s. XIX ata 1970. A autoría das fotografías corresponde a fotógrafos de varias xeracións; principalmente: viúva de Prosperi, Jaime de Sousa Guedes Pacheco, Jaime y Alberto de Sousa Avelle-Pacheco. A adquisición produciuse por contrato de

compra aos herdeiros dos fotógrafos, en maio de 1991. Hai acceso á base de datos coas imaxes dixitalizadas e na actualidade continúan os traballos de conservación, catalogación e dixitalización.

**Planta baixa e primeira planta.-**

Están dedicadas a exposicións temporais.

**Planta segunda: Colección Luís Torras.-**

Nace en 1998, con motivo da doazón realizada polo artista vigués, Luís Torras (Vigo, 1912) á cidade. Despois do acordo asinado pola Concellería de Cultura e o pintor, a Casa das Artes convértese en sede permanente desa colección constituída por 50 cadros doados e 17 cedidos en réxime de depósito. Considerado como un pintor relevante en plástica galega contemporánea, Luís Torras manifesta unha predilección polas paisaxes e os retratos, seguindo unha técnica meticulosa e un estilo que desemboca nun singular fauvismo, dende un post impresionismo de raíces cubistas. A Colección Luís Torras, conxuntamente cos cadros expostos no Museo Quiñones de León, representa a mellor colección da obra desenvolvida por este artista vigués ao longo da súa traxectoria.

**Planta terceira: Fundación e colección Laxeiro.-**

José Otero Abeledo, máis coñecido como Laxeiro (Lalín, 1908-Vigo, 1996) conta na Casa das Artes cunha exposición permanente, formada por un total de 62 obras propiedade do Concello de Vigo, cedidas en réxime de depósito á Fundación Laxeiro, entidade que vela pola difusión e a investigación da obra deste artista, máximo representante do movemento coñecido como “renovadores do vangardismo histórico galego”. A colección recorre dende os primeiros tempos do artista ata as últimas producións. Forman parte do padroado da Fundación Laxeiro o Concello de Vigo, os herdeiros de Laxeiro, a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín.

Ademais da exposición permanente, a Fundación Laxeiro organiza mostras temporais con fondos de coleccións privadas e públicas do mesmo autor, cede obras para exposicións antolóxicas, divulga obras en exposicións organizadas fóra de Vigo, como a celebrada na Habana en 2001, e programa todo tipo de actividades artísticas, no mundo da plástica, pero tamén da música ou da poesía. Hai que sinalar o seu apoio a novos valores, principalmente coa organización de exposicións.

**Sistema de seguridade.-****Control de entrada e saída de obras.**

O control de entrada, permanencia e saída de obras no edificio realízase coa supervisión da empresa de seguridade; realizándose acta de entrada e saída coa representación da entidade promotora da exposición.

**Activa**

Cámaras instaladas en espazos dedicados ás exposicións temporais. Hai vixilancia de seguridade na planta baixa durante o horario de apertura ao público e no control de accesos (CCTV). As cámaras e a súa conexión ao CCTV adáptanse segundo as necesidades de seguridade.

O edificio conta cunha conexión a central de alarmas da empresa de seguridade, fóra do horario de apertura, con servizo de acuda.



### **Pasiva**

En todas as plantas do edificio: Sistema de detección permanente e automática de incendios. Extintores manuais.

Sistemas específicos de seguridade das pezas expostas, instalados polo promotor da exposición. Por exemplo: toda peza exposta na parede é fixada a esta cun sistema de chapas especiais que manteñen fixa a peza á parede. Tanto as esculturas como os documentos orixinais expóñense sempre en vitrinas seladas hermeticamente. No caso de esculturas grandes que requiren plintos e obras especialmente valiosas utilizaranse proteccións a modo de barreiras.

### **Plan de autoprotección e prevención de riscos laborais.**

O edificio conta cun plan de autoprotección para aplicar no caso de emerxencia e os traballos que se desenvolven por empresas no edificio se realizan cumprindo os protocolos necesarios de prevención de riscos laborais e de coordinación de actividades empresariais.

### **Servizo de atención ao público.-**

O edificio conta cun servizo de atención durante o horario de exposicións, no acceso ao edificio e nas salas.

### **Sistemas de control, humidade e temperatura.-**

As salas de Casa das Artes non contan con sistemas de control de humidade e temperatura. Na planta baixa os valores estimados de temperaturas oscilan entre 19º C e 22º C.

Os valores estimados de humidade están en  $\pm$  65%, e axústanse mediante deshumidificadores.

### **Sistema de iluminación.-**

A planta baixa e primeira, dedicadas ás exposicións temporais, dispoñen de carrís electrificados de iluminación, que se adaptan ás necesidades con lámpadas haloxenadas, dicroicas, haló xenas e de baixo consumo.

### **Superficies, alturas e perímetros de salas, exposicións temporais.-**

#### **Planta baixa.**

Dispón dunha superficie total de 510,21 m<sup>2</sup>; distribuídos en varios espazos expositivos: zona central de 197,07 m<sup>2</sup> (15,6 ml fixos para colgar obra, ademais doutros 16,8 ml actualmente dispoñibles). Zona audiovisuais de 46,46 m<sup>2</sup> (25,58 ml de perímetro). Corredor en forma de L de 215,68 m<sup>2</sup> (44,62 ml fixos e outros 17,6 ml (actualmente dispoñibles). Outros espazos con 51,00 m<sup>2</sup> (con 16,57 ml para colgar obra).

En total dispónse, actualmente, dun perímetro total de 178,81 m; dos que 152,21 m teñen unha altura de 4 m e de 26,60 m unha altura de 4,40 m.

#### **Planta primeira.**

Dispón dunha superficie total de 601,50 m<sup>2</sup>; distribuídos en varios espazos expositivos:

Zona r/ Reconquista con catro salas.- Sala A 47,25m<sup>2</sup> e 23,28ml.; sala B 104,82m<sup>2</sup> e 27,08ml.; sala C 55,60m<sup>2</sup> e 23,69ml.; Sala D 83,00m<sup>2</sup> e 40,42ml.

Zona r/ Policarpo Sanz con tres salas.- Sala A 60,48m<sup>2</sup> e 20,31ml.; sala B 94,91m<sup>2</sup> e 36,38ml.; sala C 155,44m<sup>2</sup> e 51,53ml.

A altura é de 3,27 m en todas as salas da planta primeira.

**Superficie de paredes.**

O revestido da parede da planta baixa é de taboleiro de 19 mm e na planta primeira de taboleiro de 19 mm e parede de obra.

**Peso máximo soportado por planta.-**

Non se dispón de datos certificados pero o edificio é dunha estrutura moi sólida adecuada ao fin para o que foi construído e a planta baixa apoíase na estrutura das dúas cámaras acoirazadas do antigo Banco de España.

**Acceso da obra ao edificio.-**

Pódese realizar a través do garaxe (pola rúa Reconquista), onde pode permanecer un vehículo e realizarse as operacións de carga-descarga. O portal ten 3,00 x 3,00 m e o fondo do habitáculo é de 12 m.

**Almacenaxe de obras.-**

Eventualmente pódense habilitar espazos no soto do edificio (incluso en zonas de maior seguridade, como pode ser a antiga caixa forte principal).

É frecuente o ingreso de obras directamente na planta das exposicións.

Dispónse de zona para almacenaxe de embalaxes.

**Manipulación de obras.-**

Realízase por parte dos profesionais contratados pola entidade promotora da exposición e baixo a súa responsabilidade, de acordo coas indicacións dos propietarios da obra.

**Acceso de persoas con discapacidade física ou mobilidade reducida.**

Pódese realizar por rampla da porta principal ou polo garaxe (sen barreiras físicas).



## **FACILITY REPORT**

### **CASA GALEGA DA CULTURA, VIGO**

**Praza da Princesa, 2**

36202 Vigo

Tfno: 986 226 459 e 986 220 922

#### **Centro xestor.-**

Concello de Vigo. Servizo de Museos Municipais. Área de Cultura. Praza do Rei núm. 1. 36202 Vigo. 986-810104

#### **Horarios.-**

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h.

Sábados: de 12:00 a 14:00 e 18:00 a 21:00 h.

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h.

#### **Descrición.-**

Antigo Concello, proxecto de José María Ortiz Sánchez (1859). O edificio, que ofrece fachadas ás prazas da Constitución e Princesa, ocupa o solar dunha casa consistorial máis antiga, que arde en 1851. As obras comezaron a finais de 1860 e remataron en xuño de 1862. As fachadas incorporan un eclecticismo inicial de formulación austera e sobria, que combina con elementos da tradición clasicista, sen lograr liberarse totalmente da norma académica. En cada planta mantén un mesmo esquema compositivo con zócalo, pilastras e falso entaboamento, aínda que coa ornamentación se diferencia cada planta, en especial a primeira, que acolle o balcón da alcaldía.

Hoxe a “Casa Galega da Cultura” é un centro multidisciplinar, no que se concitan a programación de actividades artísticas e literarias coa existencia dun fondo bibliográfico e museográfico altamente cualificado no que atinxe ao estudo da realidade histórica e actual de Galicia. Dispón de sala de exposicións temporais, salón de actos, sala de exposición permanente, sala de lectura e sala de lectura para investigadores, ademais de dependencias de uso interno.

Os elementos máis destacables da “Casa Galega da Cultura” son a Biblioteca Penzol, a Biblioteca Fernández del Riego e o Museo Francisco Fernández del Riego.

#### **Planta baixa.-**

Na planta baixa atópase a conserxería do edificio, onde está o posto de control de seguridade (rede de cámaras, sistema de detección de incendios e alarma), e a sala de exposicións temporais.

#### **Planta primeira.-**

Nesta planta atópase a Biblioteca Fernández del Riego, o salón de actos e o Museo Francisco Fernández del Riego.

#### **Planta segunda.-**

Nesta planta localízanse as oficinas da Fundación Penzol, a Sala de lectura e o depósito de libros (en tres niveis, o primeiro nesta planta, o segundo nunha entreplanta e o terceiro na Planta terceira).



### **Planta terceira.-**

Nesta planta se sitúan as oficinas de administración do edificio, a sala de investigadores, o terceiro depósito de libros e un vestiario de persoal.

### **Planta baixo cuberta.-**

Na planta baixo cuberta se atopa a sala de maquinaria do ascensor, un pequeno almacén e a sala de bombeo de auga do sistema de climatización e auga quente do edificio.

### **Sistema de seguridade.-**

#### **Control de entrada e saída de obras.**

O control de entrada, permanencia e saída de obras no edificio realízase coa supervisión da empresa de seguridade; realizándose acta de entrada e saída coa representación da entidade promotora da exposición.

#### **Activa**

Cámaras instaladas en espazos dedicados ás exposicións temporais. Hai vixilancia de seguridade na planta baixa durante o horario de apertura ao público e no control de accesos (CCTV). As cámaras e a súa conexión ao CCTV adáptanse segundo as necesidades de seguridade.

O edificio conta cunha conexión a central de alarmas da empresa de seguridade, fóra do horario de apertura, con servizo de acuda.

#### **Pasiva**

Sistema de detección permanente e automática de incendios. Extintores manuais e boca de incendios equipada. Sistemas específicos de seguridade das pezas expostas, instalados polo promotor da exposición.

#### **Plan de autoprotección e prevención de riscos laborais.**

O edificio conta cun plan de autoprotección para aplicar no caso de emerxencia e os traballos que se desenvolven por empresas no edificio se realizan cumprindo os protocolos necesarios de prevención de riscos laborais e de coordinación de actividades empresariais.

#### **Servizo de atención ao público.-**

O edificio conta cun servizo de atención durante o horario de exposicións, no acceso ao edificio e nas salas.

#### **Sistemas de control, humidade e temperatura.-**

A sala de exposicións temporais da Casa Galega da Cultura non conta con sistemas de control de humidade e temperatura.

#### **Sistema de iluminación.-**

A planta baixa e primeira, dedicadas ás exposicións temporais, dispoñen de carrís electrificados de iluminación, que se adaptan ás necesidades con lámpadas haloxenadas, dicroicas, haloxenas e de baixo consumo.

#### **Superficies, alturas e perímetros de salas, exposicións temporais.-**

##### **Planta baixa.**

A sala de exposicións que se dispón na planta baixa da Casa da Cultura Galega ocupa unha superficie de 96,60 m<sup>2</sup>. En total conta cun perímetro de 30,63 metros lineais cunha altura de 3 metros para colgar obra. Ademais, aproximadamente no centro da sala, dispónse un muro que

ofrece outros 3,60 metros lineais (1,80 metros por cada lado).

**Superficie de paredes.**

O revestido das paredes da sala de exposicións é de taboleiro de 19 mm.

**Peso máximo soportado por planta.**-

Non se dispón de datos certificados.

**Acceso da obra ao edificio.**-

O acceso principal á sala de exposicións realízase pola Praza da Constitución aínda que tamén é posible realizalo a través da entrada pola Praza da Princesa.

**Manipulación de obras.**-

Realízase por parte dos profesionais contratados pola entidade promotora da exposición e baixo a súa responsabilidade, de acordo coas indicacións dos propietarios da obra.

**Acceso de persoas con discapacidade física ou mobilidade reducida.**

Pódese realizar pola rampla da porta existente na Praza da Princesa.